BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
MÉRCORES, 10 DE XULLO DE 2024 N.º 159
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

## EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

*Anuncio*

**MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 15 DE SETEMBRO 2023 POLA QUE SE RESOLVEU O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDADE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DEZASETE (17) PRAZAS DE PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DA COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN PARA CUBRIR, EN PROPIEDADE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO MENCIONADO PROCESO SELECTIVO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 5 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

*"Por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de setembro 2023 (BOP nº 219 de 22 de setembro 2023), resólvese definitivamente o procedemento selectivo para cubrir dezasete (17) prazas de Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cuxas bases Xerais e Específicas publicáronse no BOP nº 241 do 21 de outubro 2022, acordando a contratación como persoal laboral fixo, entre outros, de:*

*"Don José María LLousas Díaz, para ocupar a praza número 3331 denominada Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación de Lugo, correspondente a Oferta Pública de Emprego para o ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo número 1446 denominado Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada vinculado á citada praza".*

*Tendo en conta que don José María Llousas Díaz,solicita a través de representante e dentro do prazo establecido, adiar a firma do seu contrato como persoal laboral fixo, como consecuencia dun proceso de incapacidade temporal no que se atopaba nese momento, sendo autorizada dita prórroga por resolución da Presidencia de data 29 de setembro 2023.*

*Á vista de que por resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS, foi recoñecida a don José María Llousas Díaz a situación de incapacidade permanente incompatible co desempeño do seu traballo, con efectividade do 5 de marzo 2024, e quecomo consecuencia disto,por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de maio 2024,aprobouse a declaración de extinción da relación contractual da Deputación Provincial de Lugo con Don José María Llousas Díaz, como persoal laboral temporal, con efectividade do 4 de marzo de 2024.*

*Considerando que no apartado 12.1 das bases xerais que regulan o proceso selectivo para cubrir 17 prazas de Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021), establécese que "co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación".*

*Á vista de que na relación proposta polo Tribunal Cualificador do proceso selectivo, entre as persoas non seleccionadas, para asegurar a cobertura das vacantes, figura en primeiro lugar don JoséLuis Rodríguez Casanova, cunha cualificación final definitiva de 40,40 puntos.*

*Considerando que a persoa aspirante proposta, don JoséLuis Rodríguez Casanova, acredita a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta*

*presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno:*

*1º Deixar sen efecto o Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de setembro 2023 (BOP Nº 219, de 22 de setembro 2023), no relativo á resolución do procedemento selectivo a favor de don José María Llousas Díaz, para ocupar a praza número, 3331, denominada Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación de Lugo, correspondente á Oferta Pública de Emprego para o ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo número 1446 denominado Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada vinculado á citada praza, por non poder formalizar o contrato de traballo, ao ter recoñecida por Resolución da Dirección Provincial do INSS unha incapacidade permanente incompatible co desempeño da praza/posto.*

*2º Resolver o procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a Don* ***José Luís Rodríguez Casanova****, por atoparse en primeiro lugar na listaxe de persoas non seleccionadas, para asegurar a cobertura das vacantes (base xeral 12.1), para ocupar a praza número 3331 denominada Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación de Lugo, correspondente a Oferta Pública de Emprego para o ano 2022(taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo número 1446 denominado Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada vinculado á citada praza."*

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 8 de xullo de 2024 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R. 2073

---

# CONCELLOS

## BÓVEDA

*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía do 03/07/2024 aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun posto de Operario de Servizos Múltiples, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de 6 meses, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos ano 2024, no que se contempla o Programa de Reforzo do Emprego.

Segundo o disposto na base sexta (6ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 09:00 / 14:30 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (*https://concellodeboveda.sedelectronica.es*) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello *https://concellodeboveda.sedelectronica.es* (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 3 de xullo do 2024.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2024

---

## CASTROVERDE

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 6/2024 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO DO CONCELLO DE CASTROVERDE DO ANO 2024.**

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 30 de maio de 2024, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 6/2024, do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario con cargo a remanente de tesourería, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

**ESTADO DE GASTOS**

| | |
|---|---|
| OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS | |
| A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES | |
| CAPÍTULO I: Gastos de Persoal | 673.643,21 |
| CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos | 2.117.798,71 |
| CAPÍTULO III: Gastos Financeiro | 0 |
| CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes | 80.406,46 |
| B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL | |
| CAPÍTULO VI: Investimentos reais | 1.064.288,96 |
| CAPÍTULO VII: Transferencias de capital | 26.600 |
| OPERACIÓNS FINANCEIRAS | |
| CAPÍTULO VIII: Activos financeiros | 0 |
| CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros | 0 |
| **TOTAL:** | **3.962.737,34** |

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 3 de xullo de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2036

---

## FOLGOSO DO COUREL

*Anuncio*

Autorizada a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do xustiprezo correspondente ao procedemento de expropiación forzosa que se está a tramitar neste Concello (expediente núm. 363/2023), a Alcaldía resolveu sinalar como data do levantamento da acta de ocupación a que se refire o art. 293.10, apartado segundo, do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o luns, 15 de xullo de 2024 ás 10:30 horas na Casa do Concello de Folgoso do Courel, o que se fai público.

Folgoso do Courel, 5 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2039

---

## LUGO

*Anuncio*

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A 17ª FASE DO PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL OU ÁMBITO RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA ARI- ERRP DO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO

Faise público que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria do 26.06.2024, mediante Acordo 1/294, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a 17ª fase do

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio na área de rehabilitación integral ou contorna residencial de rehabilitación programada ARI - ERRP do centro histórico de Lugo. O texto íntegro das bases e os seus anexos é o seguinte:

"*BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN RESIDENCIAL DO PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NextGenerationEU – NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL OU CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA ARI - ERRP DO "CASCO HISTÓRICO DE LUGO - FASE XVII*"

**Primeira. Obxecto e réxime de concesión das axudas**

1.1 Obxecto e ámbito de aplicación.

1.2 Actuacións subvencionables. Requisitos.

1.3 Financiamento das axudas

1.4 Custo subvencionable e contía das axudas.

1.5 Persoas e entidades beneficiarias. Destinatarios últimos.

1.6 Criterios de avaliación.

**Segunda. Solicitudes, documentación e prazos**

2.1 Prazo de presentación de solicitudes.

2.2 Prazo de execución das actuacións. Inicio. Execución. Xustificación.

2.3 Solicitudes.

2.4 Documentación complementaria.

2.5 Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

2.6 Órganos administrativos competentes para instruír e resolver o procedemento.

**Terceira. Procedemento de tramitación**

3.1 Fases do procedemento administrativo.

3.2 Obrigas das persoas e entidades beneficiarias.

3.3 Modificación da resolución.

3.4 Reaxuste de anualidades de execución.

3.5 Compatibilidade das axudas.

**Cuarta. Incumprimentos, exclusións e incompatibilidades**

4.1 Perda e reintegro da subvención. Criterios de gradación de posibles incumprimentos.

4.2 Notificacións.

4.3 Control e loita contra a fraude.

4.4 Transparencia e bo goberno.

4.5 Habilitación para o desenvolvemento.

**Quinta. Publicidade**

5.1 Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

5.2 Consentimento e autorizacións.

5.3 Publicidade das subvencións concedidas.

**Sexta. Tratamento de datos de carácter persoal**

**Sétima. Disposición final**

**Primeira. Obxecto e réxime de concesión das axudas.**

**1.1 Obxecto e ámbito de aplicación.**

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para participar no programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 239, do 6 de outubro (en diante RD 853/2021) e a Resolución do 8 de xullo 2022 pola

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, (en diante R.08.07.22) financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU e se abre o prazo para a anualidade 2022 en aplicación do RD 853/2021 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente convocatoria, enmarcada no Compoñente 2 do PRTR, proxectos denominados C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» liña 1 “Rehabilitación a nivel barrio”, ten a finalidade de financiar obras ou actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas e nas vivendas unifamiliares dentro dos Contornos Residenciais de Rehabilitación Programada do Concello de Lugo para a anualidade 2022, con carácter plurianual.

A concesión das subvencións recollidas nestas bases tramitarase polo procedemento de concorrencia competitiva a través dunha convocatoria pública, seguindo a orde de prelación que resulte da valoración prevista nestas bases, ata esgotar o número de actuacións e/ou o crédito dispoñible previsto na contorna do “Casco Histórico de Lugo. Fase XVII”, segundo o Convenio asinado na Comisión Bilateral celebrada o 06.06.2023 entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo e/ou addendas que se poidan subscribir posteriormente dentro dos seus ámbitos de aplicación.

En caso de non esgotar o número de actuacións e o crédito dispoñible previsto nesta convocatoria, poderá volver abrirse un novo prazo de presentación de solicitudes, previa proposta motivada da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A (en diante EVISLUSA) e acordo da comisión avaliadora, contando coa necesaria publicidade establecida na Base 5.1 das presentes bases reguladoras.

A concesión destas axudas estará, en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario, ás resolucións ditadas polos responsables do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e/ou da Xunta de Galicia para a aplicación do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio en Galicia e á aceptación da documentación xustificativa por parte do Concello de Lugo.

**1.2 Actuacións subvencionables. Requisitos.**

Para ser beneficiarios/as da subvención, o inmoble para o cal se solicita axuda estará dentro dalgún dos ámbito ERRP’s declarados no Concello de Lugo. Neste caso a delimitación do “ERRP do Casco Histórico de Lugo Fase XVII” coincidente no seu contorno co ámbito do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado da cidade de Lugo e a súa zona de influencia, (en adiante PEPRI).

De conformidade co artigo 14 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, son subvencionables as actuacións de mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominante residencial para vivenda cos límites de investimento máximo subvencionable establecidos no artigo 15 deste RD, sempre que tras a execución da obra se obteña unha redución de, polo menos, o 30% do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética (xustificado en base á comparativa entre os datos do CEE inicial e os do CEE final) e debe, así mesmo, conseguirse unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio, segundo corresponda, establecido en Lugo nun 35%, por acharse situado o Municipio na Zona climática D1.

Os edificios protexidos oficialmente por ser parte dun contorno declarado ou en razón do seu particular valor arquitectónico histórico, nos que estean limitadas as actuacións sobre os elementos que compoñen a envolvente térmica, non terán que cumprir coa redución de demanda establecida no punto anterior. Con todo, aqueles elementos da envolvente sobre os que se poida intervir deben cumprir cos valores límites de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos na táboa 3.1.1.a – HE1 e 3.1.3.a – HE1, do documento básico DB HE de Aforro de Enerxía do Código Técnico da Edificación.

Así mesmo, nos edificios nos que se realizaron nos últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética nas que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior ao establecido anteriormente nesta mesma letra, quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración. Cando nas devanditas intervencións non se acade unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida poderá considerarse satisfeito o requisito, se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as que se realicen na actuación obxecto da solicitude se consigue a correspondente porcentaxe de redución da demanda establecida, o que deberá acreditarse mediante a correspondente certificación de eficiencia enerxética.

Para o cómputo dos últimos catro anos, tomarase o prazo comprendido entre a finalización das obras xa realizadas e a publicación da convocatoria municipal na que se solicite a subvención para as actuacións complementarias.

Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

Igualmente, unha vez acadados os obxectivos enerxéticos, serán subvencionables outras obras de accesibilidade.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

Os edificios e vivendas existentes dentro do ERRP delimitado para os que se solicite financiamento deste programa deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Todas as actuacións deberán dispoñer de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.

b) Dispoñer de proxecto das actuacións que se van realizar. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria técnica elaborada para a súa execución e os prazos contidos nas licenzas/comunicacións de obras obtidas para as mesmas. No caso de que as actuacións non esixan proxecto, será necesario xustificar nunha memoria valorada subscrita por técnico competente a adecuación da actuación ao Código técnico da edificación e demais normativa de aplicación. En ambos os casos deberá incluírse o Libro do Edificio Existente para a rehabilitación ou, na súa falta, en inicio achegarase un estudo sobre o potencial de mellora do edificio ou vivenda en relación cos requisitos básicos definidos na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e un plan de actuacións no que se identifique a actuación e mellora proposta, debendo achegar o Libro do Edificio Existente dentro do prazo que lle sexa indicado con posterioridade.

O documento técnico incluirá un estudo de xestión de residuos de construción e demolición que se desenvolverá posteriormente no correspondente plan de xestión de residuos de construción e demolición, conforme ao establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, onde se cumprirán as seguintes condicións:

1ª. Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 /EC) xerados no sitio de construción prepararase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo, utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2ª. Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Alén diso, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realizarase de forma preferente no lugar de xeración dos residuos.

c) Retirar do edificio ou do ámbito obxecto de actuación aqueles produtos de construción que conteñan amianto. A retirada deberá realizarse conforme ao establecido no Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, a ser realizados por unha empresa legalmente autorizada. A xestión dos residuos orixinados no proceso deberá realizarse conforme ao establecido no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

d) No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, deberanse cumprir, ademais, as seguintes condicións:

1ª.- Que polo menos o 50% da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles, teña uso residencial de vivenda.

2ª.- Que as actuacións conten co acordo da comunidade, da agrupación de comunidades de persoas propietarias de que se trate, ou no seu defecto acordo da agrupación das persoas propietarias, agás nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización ou autorizacións administrativas correspondentes, cando sexa preceptivo.

e) **“**Así mesmo a intervención cumprirá o principio de “non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente” (DNSH) e a súa normativa de aplicación, en particular, o disposto no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR), no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e a súa normativa de desenvolvemento, e no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, e de acordo coa Guía Técnica da Comisión Europea (2021/C 58/01) sobre a aplicación deste principio. Deberá xustificarse o cumprimento destes requisitos nun anexo ao proxecto ou memoria da actuación asinada por un técnico competente.” (Anexo V)

**1.3 Financiamento das axudas**

Con cargo aos fondos transferidos á Comunidade Autónoma polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agencia Urbana, mediante a resolución de data 26 de outubro de 2021 financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, financiarase dentro do Programa de axuda ás Actuacións de Rehabilitación a Nivel de Barrio (Programa 1), ata un máximo de 850.986,25 € dos custos incluídos no investimento subvencionable correspondente a este programa, coa seguinte desagregación:

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| Rehabilitación edificatoria | Ayuda/Axuda base | 749.500,00 € |
| | Retirada de amianto | 77.411,25 € |
| | Incremento por vulnerabilidad/vulnerabilidade | 24.075,00 € |
| **TOTAL** | | **850.986,25 €** |

**1.4 Custo subvencionable e contía das axudas.**

1.4.1.- Custo subvencionable:

O valor subvencionable constitúe o custo total de todas as actuacións que se subvencionen. Os prezos das partidas non poderán superar os custos medios de mercado, polo que os técnicos de EVISLUSA revisarán os orzamentos achegados rebaixando o prezo das partidas no caso de superar ditos custes medios.

O custo subvencionable virá determinado polo valor subvencionable total da actuación, excluídos os custos de licenzas, taxas, impostos ou tributos. Con todo, o IVE poderá ser considerado elixible a condición de que non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial; para iso, deberá indicarse se non é recuperable a totalidade ou unha parte do IVE, determinando neste caso a porcentaxe recuperable e xustificándoo en base a documentación oficial correspondente.

Dentro dese custo total, poderán incluírse os custos de xestión inherentes ao desenvolvemento das actuacións e os gastos asociados; os honorarios dos profesionais intervenientes na xestión e desenvolvemento das actuacións; o custo da redacción dos proxectos e da dirección facultativa; informes técnicos, memorias valoradas e certificados necesarios; os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificados.

1.4.2.- Contía da axuda base:

De conformidade co disposto no artigo 15 do RD 853/2021, do 5 de outubro e no vixésimo terceiro da R.08.07.22, a contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total das actuacións para desenvolver, segundo os criterios de fixación de contías establecidas nos apartados seguintes, sen que poidan superar os límites resultantes que se describen a continuación:

a) A cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima establecida na táboa 1.3 polo custo das actuacións subvencionables.

b) A cantidade obtida de multiplicar a contía máxima da axuda por vivenda, establecida na táboa, polo número de vivendas do edificio, incrementada, no seu caso, pola contía de axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos á vivenda, fixada na mesma táboa, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado sobre rasante de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.


a) A cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima establecida na táboa 1.3. polo custo das actuacións subvencionables.

b) A cantidade obtida de multiplicar a contía máxima dá axuda por vivenda, establecida na táboa, polo número de vivendas do edificio, incrementada, no seu caso, pola contía de axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos á vivenda, fixada na mesma táboa, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado sobre rasante de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Táboa 1.3

| Aforro enerxético conseguido coa actuación | Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación | Vivenda | Locais comerciais ou outros usos |
|---|---|---|---|
| | | Contía máxima da axuda por vivenda | Contía máxima da axuda por m² |
| 30% ≤ ΔCep,nrenv < 45% | 40% | 8.100 € | 72 € |
| 45% ≤ ΔCep,nrenv < 60% | 65% | 14.500 € | 130 € |
| ΔCep,nrenv ≥ 60% | 80% | 21.400 € | 192 € |

c) Naqueles casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, á manipulación, ou transporte e á xestión dos residuos de amianto mediante empresas

c) Naqueles casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, á manipulación, ou transporte e á xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación, o que resulte superior. O custo destas actuacións correspóndese co campo de intervención 025bis «Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conforme cos criterios de eficiencia enerxética» do anexo VI do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.

d) O importe íntegro das contías das axudas percibidas polas persoas beneficiarias, destinarase ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias e de agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

independencia de que tanto o importe da mesma como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, no seu caso, nas persoas propietarias de locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación sobre propiedade horizontal.

Pese ao disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades ou de agrupación das persoas propietarias non puidera percibir a axuda por algunha causa legal, non se atribuirá á devandita persoa propietaria ou usufrutuaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, a cal será prorrateada entre os restantes membros da comunidade, agrupación de comunidades ou da agrupación de persoas físicas.

1.4.3.- Contía da axuda adicional por vulnerabilidade económica.

De conformidade co disposto no artigo 15.2 do RD 853/2021, do 5 de outubro, cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgunha das persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas, e de acordo cos criterios establecidos na Comisión Bilateral de Seguimento, poderá concederse unha axuda adicional que poderá acadar ata o 100% do custo da actuación imputable ao devandito propietario ou usufrutuario, de acordo cos seguintes criterios, e condicionada, en todo caso, ao cumprimento dos requisitos en materia de eficiencia enerxética esixidos neste programa, segundo o indicado no ordinal vixésimo cuarto da R.08.07.2022:


todo o caso, ao cumprimento dos requisitos en materia de eficiencia enerxética esixidos neste programa, segundo o indicado no ordinal vixésimo cuarto da R.08.07.2022:

Táboa 1.3.1

| Edificio de tipoloxía residencial colectiva, por vivenda | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ingresos en veces IPREM ponderados | | Axuda en función do aforro enerxético conseguido | | |
| | | 30% ≤ ΔCep,nren < 45% | 45% ≤ ΔCep,nren < 60% | ΔCep,nren ≥ 60% |
| Menos ou igual a 2,1 | Porcentaxe axuda | 100% | 100% | 100% |
| | Contía máxima de subvención | 20.250,00 | 22.308,00 | 26.750,00 |
| Entre 2,1 e 2,6 veces | Porcentaxe axuda | 60% | 75% | 90% |
| | Contía máxima de subvención | 12.150,00 | 16.731,00 | 24.075,00 |
| **Vivenda unifamiliar** | | | | |
| Ingresos en veces IPREM ponderados | | Axuda en función do aforro enerxético conseguido | | |
| | | 30% ≤ ΔCep,nren < 45% | 45% ≤ ΔCep,nren < 60% | ΔCep,nren ≥ 60% |
| Menos ou igual que 2,1 | Porcentaxe axuda | 100% | 100% | 100% |
| | Contía máxima de subvención | 22.550,00 | 24.538,80 | 29.425,00 |
| Entre 2,1 e 2,6 veces | Porcentaxe axuda | 60% | 75% | 90% |
| | Contía máxima de subvención | 13.530,00 | 18.404,10 | 26.482,50 |

Os ingresos sinalados nos cadros anteriores ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en función do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples-IPREM (14 pagas) multiplicando os ingresos anuais da unidade convivencial polo coeficiente multiplicativo

Os ingresos sinalados nos cadros anteriores ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en función do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples-IPREM (14 pagas) multiplicando os ingresos anuais da unidade de convivencia polo coeficiente multiplicativo corrector que corresponda ao número de membros da unidade familiar. Sendo o valor do IPREM de 8.400,00 euros no momento da publicación destas Bases, as contías por tramos corresponderanse ás indicadas na táboa seguinte:

| Corrección IPREM | | Contías para tramos IPREM ponderado | |
|---|---|---|---|
| Número de membros | Coeficiente corrector | 2.1 IPREM Ponderado* | 2.6 IPREM Ponderado* |
| Familias dun membro | 1 | 17.640,00 € | 21.840,00 € |
| Familias de 2 membros | 0,9 | 19.600,00 € | 24.266,67 € |
| Familias de 3 membros | 0,8 | 22.050,00 € | 27.300,00 € |
| Familias de 4 membros | 0,75 | 23.520,00 € | 29.120,00 € |
| Familias de 5 ou máis membros | 0,7 | 25.200,00 € | 31.200,00 € |

**Cantidades considerando un IPREM de 8.400€, se se modificase con posterioridade á publicación destas Bases deberán adecuarse os cálculos ao novo IPREM.*

a) Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, en adiante IRPF, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que se lle correspondese conforme co previsto na táboa anterior.

b) No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nados contarán como membros da unidade familiar, a efectos de aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto na táboa anterior,

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite. O embarazo acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, se apoio á familia e á convivencia de Galicia.

c) No caso de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das contempladas na normativa do IRPF, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM e ponderados de acordo co previsto nos apartados anteriores, sumaranse e o resultado deberá ser inferior aos límites máximos previstos nos cadros anteriores.

d) A efectos do establecido nestas bases de convocatoria, os termos incluídos nel interpretaranse co significado e alcance seguintes:

- Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.
- Persoa con discapacidade: interpretase de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social.
- Indicador Público de Renda de efectos múltiples (IPREM): é o indicador definido no Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

**1.5. Persoas e entidades beneficiarias. Destinatarios últimos.**

1.5.1. Ao amparo dos artigos 6 e 13 do RD 853/2021, e do 21 da R.08.07.22 poderán ser persoas beneficiarias e destinatarias últimas das axudas:

a) As persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben persoas xurídicas de natureza privada.

b) As comunidades de persoas propietarias conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.

c) As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias dun edificio que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou de patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motiva a concesión da subvención.

d) As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificio que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou constituídas conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.

1.5.2. Cando resulten beneficiarias persoas xurídicas de natureza privada, deberán declarar expresamente na solicitude que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

Para que as entidades que carezan de personalidade xurídica propia sexan beneficiarias, coa excepción das comunidades de persoas propietarias, deberán facer constar expresamente, na solicitude que quedará recoñecido na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes, para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata ter transcorrido o prazo de prescrición prevista nos artigos 35 e 63 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (4 anos polo posible reintegro, art 35, ou a prescrición de sanción do art. 63).

1.5.3. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, excepto a da letra e) dos citados artigos, relativa á obriga de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

1.5.4. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumida por cada unha.

1.5.5. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais, aplicarase o disposto no Regulamento (UE) nº 1407/2013

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis o disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, pola que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior.

**1.6 Criterios de avaliación.**

Para a concesión das axudas económicas obxecto das presentes bases, será aplicada unha gradación tendo en conta os seguintes criterios xerais:

- TIPO DE OBRA A REALIZAR (ata un máximo de 30 puntos)

  - Aforro enerxético previsto tras a actuación maior ou igual ao 60%, 30 puntos.

  - Aforro enerxético previsto tras a actuación entre o 45% e o 60%, 20 puntos.

  - Aforro enerxético previsto tras a actuación entre o 35% e o 45%, 10 puntos.

- CATALOGACIÓN DA EDIFICACIÓN (ata un máximo de 30 puntos)

  - Edificios catalogados no PEPRI, 30 puntos.

  - Edificios non catalogados no PEPRI, 15 puntos.

  - Edificios fóra de ordenación, 0 puntos.

- COMPOSICIÓN DO EDIFICIO (ata un máximo de 30 puntos)

  - 2 puntos por vivenda ata un máximo de 30 puntos

A igualdade de puntos establecese como criterio de desempate a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade dos requisitos e a documentación requirida na convocatoria.

**Segunda. Solicitudes, documentación e prazos.**

**2.1. Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes será de DOUS MESES contados dende o día seguinte á publicación oficial destas bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. De existir dispoñibilidade orzamentaria, poderanse abrir novas convocatorias.

**2.2 Prazo de execución das actuacións. Inicio. Execución. Xustificación.**

2.2.1 Prazo de inicio das obras

As actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade a catro anos contados desde a data de aprobación da presente convocatoria, e poderán estar finalizadas no momento de presentación da solicitude. EVISLUSA deberá recibir toda a documentación que permita a identificación da situación orixinal antes da realización das obras no caso de que xa estean iniciadas.

2.2.2 Prazo de execución de obras e a súa xustificación

O prazo para executar as obras non poderá exceder do 30 de marzo de 2026.

En todo caso, os prazos de execución deberán estar aliñados cos obxectivos CID marcados polo PRTR, polo que, a execución das actuacións obxecto de financiamento a través deste programa, e de non existir norma de superior xerarquía, deberán estar finalizadas e xustificadas antes do 30 de xuño de 2026.

**2.3 Solicitudes.**

2.3.1 As solicitudes de edificio ou vivenda unifamiliar presentaranse a través do formulario normalizado dispoñible na páxina web do Concello de Lugo, https://concellodelugo.gal, debidamente cuberto e asinado e que se incorpora nas presentes bases.

Para presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Lugo.

2.3.2 As comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a súa solicitude electrónicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentar as súas solicitudes presencialmente, requirirase para que as emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a enmenda.

2.3.3 As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude, preferiblemente por vía electrónica. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

2.3.4. No modelo de solicitude deberán realizar as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Declaración responsable de que non se lle concedeu ningunha axuda de minimis. No caso de solicitar ou obter axuda de minimis, deberá indicar cal é a súa contía.

c) Compromiso de comunicar inmediatamente calquera outra subvención que solicite e/ ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

d) Declaración responsable de non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, excepto a da letra e) dos devanditos artigos relativa á obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

e) Declaración responsable de que están ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, co artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e co artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Declaración responsable de que a empresa á que se represente non está en crise de acordo coa definición de «empresa en crise» que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, no seu caso.

g) No caso de persoas xurídicas de natureza privada, declaración de que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

h) Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.

i) Declaración de que todos os datos da súa solicitude son certos.

**2.4 Documentación complementaria.**

2.4.1. Toda a documentación que se achegue deberá presentarse debidamente cuberta, con data, número de identificación DNI do solicitante ou representante, número de expediente se é o caso, e debidamente asinada. Deberá presentarse preferentemente de forma electrónica. Se algunha das persoas ou entidades que por lei estean obrigadas a comunicarse coa administración por medios electrónicos presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en a que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos para presentar de xeito electrónico superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica do Rexistro do Concello de Lugo, permitirase a presentación de forma presencial segundo o indicado no punto anterior.

As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa ou entidade interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende o erro ou achegue a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude.

En todo caso o Concello de Lugo, como entidade xestora das subvencións, poderá requirirlle ao solicitante – en calquera momento do procedemento– documentación complementaria se a considerase necesaria para a xustificación do cumprimento dos requisitos.

2.4.2. As persoas e entidades interesadas deberán presentar coa solicitude oficial, a seguinte documentación:

a) Coa finalidade de dar adecuado cumprimento ao mandato establecido na letra d) do apartado 2 do artigo o 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e a Orde que lo desenvolve, Orde HFP/1030/2021 de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, artigos 6 e 8, configurase o seguinte procedemento de incorporación de información específica:

Os beneficiarios, sexan persoas físicas ou xurídicas deben aportar:

<u>I) NIF do beneficiario.</u>

<u>II) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.</u>

<u>III) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.</u>

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

IV) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimiento ó previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo VII)

V) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que pudieran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo VI)

VI) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a súa inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da "Agencia Estatal de Administración Tributaria" ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolta á data de solicitude da axuda.

VII) Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI). (Anexo VI)

b) Escritura pública, certificado catastral (a condición de que o titular catastral coincida co solicitante), nota simple rexistral ou calquera outro documento válido en dereito, que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmoble, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, xurídica de natureza privada ou agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais.

c) Acta ou certificado da persoa titular da secretaría ou administración da comunidade de persoas propietarias, das comunidades de persoas propietarias debidamente agrupadas ou da asemblea da cooperativa, onde conste o nomeamento do representante autorizado para solicitar a subvención, de ser o caso.

d) Proxecto da actuación para realizar ou, na súa falta, memoria xustificativa da actuación, que deberán contar coa conformidade da persoa ou persoas beneficiarias. A documentación mínima desta memoria será descrición das obras a realizar, orzamento desagregado por partidas con prezos unitarios e descompostos e os planos da intervención. Así mesmo, na documentación do proxecto da actuación ou na memoria xustificativa da actuación, segundo corresponda, incluirase o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable estimado con respecto á situación inicial, o investimento subvencionable e a contía da axuda solicitada.

O proxecto ou a memoria deberán cumprir co establecido na Base 1.2. e vir acompañados do Libro do Edificio Existente para a rehabilitación ou, na súa falta, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei da Ordenación da Edificación e un Plan de Actuacións a levar a cabo no que se indique a actuación proposta.

No caso de atoparse nun dos supostos de excepcionalidade total ou parcial do cumprimento da redución da demanda enerxética previstos na Base 1.2., deberán xustificalo no devandito proxecto da actuación ou na memoria e acreditalo cos documentos correspondentes.

e) Certificado de Eficiencia Enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar previo á intervención debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE).

f) Contrato ou oferta asinada e orzamento desagregado por partidas, medicións, prezos unitarios, descompostos e totais, co IVE desagregado correspondente e a súa aceptación expresa por parte das persoas beneficiarias. Na folla resumo por capítulos deberá constar a sinatura e selo da empresa, o seu NIF e a data. As características das partidas deste orzamento deberán coincidir coas especificadas no proxecto ou memoria, e tamén coas descritas no certificado de eficiencia enerxética.

g) Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no caso de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000,00 euros en obras e/ou 15.000,00 en servizos e subministracións para o mesmo contratista ou provedor. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

h) Solicitude de licenza ou comunicación previa, segundo proceda, onde se describa a actuación para a que solicítase a axuda. Se as obras están iniciadas, título habilitante concedido.

i) No caso de obras iniciadas con anterioridade á posta en coñecemento dos técnicos de EVISLUSA, deberá achegar datos fidedignos do estado previo ás obras, con fotografías de todas as estancias ou zonas do edificio que foron ou van ser afectadas polas actuacións de rehabilitación, así como das fachadas do edificio.

j) Anexo I, de documentación que se presenta, ou xa presentada con anterioridade.

k) Anexo II, de datos das persoas e entidades partícipes nas obras e interesadas na subvención. Para o caso de actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva de vivenda deben presentarse tantos anexos II como vivendas e locais partícipes e interesados na subvención se sinalen na solicitude oficial e nos anexos III e IV).

l) Anexo III, de certificado da persoa secretaria ou administradora do acordo da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme co disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, ou da asemblea da cooperativa, polo

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

que se aproba a execución das obras de rehabilitación obxecto das axudas, se indica o orzamento elixido e onde conste o nomeamento da persoa representante autorizada para solicitar a subvención, no seu caso.

m) Anexo IV, de certificado da agrupación de persoas físicas, de persoas xurídicas de natureza privada ou declaración da comunidade de bens, propietarias no seu conxunto do edificio obxecto da actuación, que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal onde se acorda a execución das obras, se nomea a unha persoa representante da agrupación, con poder bastante, debendo especificar a relación das persoas copropietarias, con indicación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a cota de participación a aplicar por cada un deles.

n) Anexo V, declaración responsable de "non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente" DNSH.

2.4.3. No caso de que se identifiquen, ao amparo da Base 1.4.3. situacións de vulnerabilidade económica nas persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas e interesadas na axuda adicional, deberá presentarse coa solicitude, no seu caso, a seguinte documentación:

a) Anexo VIII, de declaracións responsables de composición da unidade de convivencia e comprobación de datos das persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia (deben presentarse tantos anexos VIII como persoas físicas interesadas na axuda adicional se sinalen na solicitude oficial e no anexo II).

b) Declaración do IRPF do exercicio correspondente á convocatoria.

c) No caso de que non presentase declaración do IRPF ou perciba algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, xunto coa declaración responsable presentarase a seguinte documentación, no seu caso:

· Certificado de imputacións de IRPF do exercicio correspondente á convocatoria.

· No caso de percibir outros ingresos no exercicio correspondente á convocatoria, declarados como rendas exentas de tributar no IRPF, achegarase certificado/s da/s entidade/é pagadora/s.

· Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.

d) No suposto de nai xestante, certificado médico ou documentación acreditativa de tal estado.

e) Certificado acreditativo de adopción en trámite.

f) Certificado ou volante de empadroamento da persoa física solicitante e das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, de non autorizar a consulta.

g) Certificado de discapacidade da persoa física solicitante ou, no seu caso, das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de non ser expedido pola Xunta de Galicia.

**2.5 Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.**

Todos os trámites administrativos que as persoas xurídicas e entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude, efectuaranse a través de EVISLUSA.

Sobre o procedemento de tramitación das axudas de acordo coas presentes bases, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Oficina Municipal de Rehabilitación xestionada por EVISLUSA e dependente do Excmo. Concello de Lugo, situada no Edificio Municipal Uxío Novoneyra na Rúa Quiroga Ballesteros s/n 3º Andar, dereita, C.P 27001, ou, no seu caso, na nova sede de EVISLUSA a ser instalada no Edificio Impulso Verde do Excmo. Concello de Lugo, situado na Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo s/n desta cidade (C.P 27297 - fronte ao establecemento comercial Lidl) ou a través dos seguintes medios:

- Atención persoal con cita previa de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.
- Atención telefónica no número 982 297 490 de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.
- Consultas por e-mail: tecnicosevislusa@lugo.gal

**2.6 Órganos administrativos competentes para instruír e resolver o procedemento.**

O "*Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*" xestiona os fondos do PRTR, desenvolvéndose na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello de Lugo unha parte da xestión.

2.6.1. Segundo o Acordo nº 34 da Comisión Bilateral celebrada o 06/06/2023, a xestión deste programa realizarase a través das correspondentes convocatorias de axudas, tramitadas por polo Concello de Lugo na súa condición de entidade xestora do programa.

O Concello de Lugo, a través da Oficina Municipal de Rehabilitación, xestionada por EVISLUSA en razón ao encargo a Medio Propio recibido dende a administración actuante, e mediante as correspondentes convocatorias de axudas, tramitará os expedientes de subvencións presentadas e realizará as xestións

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

derivadas das esixencias deste programa nas Contornas (Entornos) Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) declarados, baixo as directrices e a coordinación do IGVS segundo a aplicación habilitada para o efecto polo Ministerio. Ademais, propoñerá as medidas necesarias para desenvolver as actuacións obxecto deste programa. Alén diso, asesorará e prestará unha atención directa, persoal e especializada ás persoas promotoras que leven a cabo as actuacións financiables e poderá asumir as funcións de axente rehabilitador previsto no artigo 8 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, realizando as actuacións de impulso, seguimento, xestión de axudas públicas, elaboración de documentación ou proxectos técnicos, no seu caso, así como outras actuacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións que poidan ser obxecto de financiamento a través deste programa.

2.6.2. A instrución do procedemento realizarase pola Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A – EVISLUSA.

2.6.3. Correspóndelle á persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Lugo resolver a concesión das axudas solicitadas.

2.6.4. O seguimento do cumprimento do Convenio será efectuado pola Comisión Bilateral de Seguimento, segundo o previsto no artigo 72 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Así mesmo os beneficiarios das axudas deberán someterse a calquera outras actuacións de comprobación e control financeiro que poida realizar o Concello de Lugo ou outro órgano designado por este, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control da Comisión Europea e a cales queira outras actuacións de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como europeos, de acordo ao establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos europeos, aportando para elo canta información lles sexa requirida. Nese sentido, resultará de aplicación o previsto no artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, o Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana poderá realizar as comprobacións, visitas e actuacións necesarias para verificar o estado de execución das obras e actuacións, así como o cumprimento dos compromisos adquiridos no arcordo 34 da Comisión Bilateral.

Así mesmo, a Comisión Bilateral de Seguimento poderá realizar as modificacións que resulten necesarias no acordo nº 34 ante eventualidades que puidesen producirse, a fin de asegurar o desenvolvemento das actuacións ata a súa total execución de conformidade co establecido no artigo 71.3 do RD. 853/2021.

**Terceira. Procedemento de tramitación.**

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nas presentes bases axustaranse ó establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal reguladora de subvencións do Excmo. Concello de Lugo.

Será o personal de EVISLUSA, como unidade administrativa xestora, en cumprimento do Encargo a Medio Propio subscrito a ditos efectos, o que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28.2 da ordenanza e de aquelas que se lle asignen nas presentes bases.

**3.1 Fases do procedemento administrativo.**

3.1.1. Iniciación:

O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iníciase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo), publicada na BDNS, que remitirá extracto da convocatoria ao BOP de Lugo.

3.1.2. Instrución:

Tratárase de acordo coa lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, coas seguintes particularidades:

- Constituírase unha Comisión de Valoración que realizará unha avaliación das solicitudes e terá a seguinte composición:

PRESIDENTE:

Director Xeral de Urbanismo ou persoa que o substitúa

VOGAIS:

- Titular da Vicesecretaría municipal ou persoa que o substitúa.

- Un/unha técnico do Servizo Municipal de Arquitectura.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

- O interventor municipal ou persoa que o substitúa

- A persoa que desempeñe o posto de Director Xerente de EVISLUSA

SECRETARIO/A: Un funcionario/a municipal que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora, sen voto

Conforme á Disposición Adicional 112 da Lei 31/2022 de 23 de decembro, que regula os Orzamentos Xerais para o año 2023, a Orde 55/2023 de 24 de xaneiro que a desenvolve, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a Orde HFP/1030/2021 de 29 de setembro, citada con anterioridade, e o Plan antifraude, anticorrupción e conflito de intereses do Concello de Lugo aprobado o 9 de febreiro de 2022, e as súas posteriores modificacións, que son de obrigatoria aplicación a estas subvencións; débese realizar unha avaliación de risco de fraude, corrupción ou conflito de interese aplicada a estas subvencións, que consiste entre outras medidas, no asinamento das Declaracións de Ausencia de Conflito de Interese por todos os que participen neste procedemento de execución do PRTR (decisores da operación), e en confrontar en Minerva, os datos do órgano competente para a concesión e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes das subvencións, cos das persoas físicas ou xurídicas participantes que poidan ser beneficiarios destas subvencións, de xeito que se inicia o procedemento de análise ex-ante de risco de conflito de interese, con carácter previo á valoración das ofertas ou solicitudes no procedemento de concesión de subvencións e unha vez sexan coñecidos os participantes nestes procedementos, evitando así un posible conflito de interese. No mesmo sentido, dispón ademais este Concello dun procedemento para abordar conflitos de interese e fraudes que comprende as medidas de prevención, detección, corrección e persecución apropiadas, tal e como exixe a normativa citada.

Correspóndelle a esta comisión avaliadora a realización das seguintes funcións:

Coñecer e aprobar o informe elaborado por EVISLUSA sobre o número de solicitudes presentadas, as admitidas/denegadas, o orzamento protexido e o importe da subvención proposta.

Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirá á persoa ou entidade interesada para que, no prazo de 10 días, facilite a documentación ou información solicitada. De non atender ao requirimento, a Comisión propoñerá a denegación da subvención.

No caso de que houbesen máis solicitudes que número de actuacións ou fondos previstos para un ERRP e sempre que cumpran coas condicións incluídas nestas bases, os solicitantes que non poidan obter a subvención, pasarán a formar parte dunha lista de espera, para poder ser incluídos en caso de renuncia, anulación dalgún dos beneficiarios seleccionados ou de dispoñer de financiamento e actuacións pola existencia de addenda ao acordo nº34 asinado.

Unha vez avaliadas as solicitudes recibidas, a Comisión elaborará a acta no que se concrete o resultado da valoración.

Á vista do expediente, da Acta da Comisión de Avaliación, e previa dilixencia de fiscalización, a instrución formulará proposta de resolución ao órgano competente, conforme as regras establecidas na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3.1.3. Resolución

Corresponde á persoa que ostente a Alcaldía, ao amparo do establecido polo art. 23 da Lei 9/2007.

O prazo para resolver o outorgamento da subvención será de catro (4) meses contados desde a data de finalización de presentación de solicitudes. Finalizado este prazo sen resolución nin notificación expresa, poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas conforme co previsto no art 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A resolución estimatoria indicará a persoa ou entidade beneficiaria, as actuacións subvencionables, o custo elixible, a contía da subvención concedida, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra ,o seu prazo de finalización e de xustificación e, no seu caso, a procedencia do financiamento da axuda con cargo aos fondos europeos.

Cando a actuación non conte con licenza de obras concedida ou comunicación previa, a resolución de concesión da axuda quedará condicionada á obtención do título habilitante para todas as obras a realizar.

A resolución de concesión deberá ser aceptada expresamente pola persoa destinataria no prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da notificación da mesma, entendéndose que se renuncia á mesma se non se envía esta aceptación en prazo.

3.1.4. Xustificación da subvención. Tramitación do pago

Os solicitantes da subvención deberán comunicar EVISLUSA, a finalización das obras e presentar mediante anexo IX a documentación xustificativa das actuacións realizadas seguinte:

a) Certificado final da obra subscrito pola dirección facultativa e a dirección da execución da obra, no seu caso.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

b) Certificado da instalación térmica, no seu caso, subscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na Consellería competente en materia de Industria da Xunta de Galicia.

c) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, conforme ao esixido polas bases reguladoras e pola resolución de concesión da axuda, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos tanto das obras como con respecto a os aforros enerxéticos conseguidos coas actuacións e coa data de conclusión das actuacións. Esta memoria será realizada e subscrita pola persoa técnica titulado competente autora do proxecto ou da dirección facultativa da execución da actuación. Nela farase constar o cumprimento da normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación e do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH) mediante una Avaliación favorable de adecuación (Cuestionario de auto avaliación DNSH del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia) ou mediante unha declaración responsable firmada por técnico competente, no sentido establecido no apartado 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021. Reflectiranse claramente os cambios producidos dende a concesión da axuda, no seu caso.

d) Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez terminadas as actuacións e realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subscrito por persoa técnica competente, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE). Con este certificado achegaranse os arquivos dixitais xerados polo programa utilizado (.cex, .hee, etc.)

e) Reportaxe fotográfica das obras executadas, preferentemente en cor, onde se mostre o cartel publicitario de carácter permanente, de tamaño suficiente para que sexa perfectamente visible e lexible, no que conste claramente o título do proxecto e a denominación e a imaxe do Programa e que mencione a axuda económica outorgada pola Unión Europea incluíndo o logo da UE e o lema *«Unha maneira de facer Europa»,* tal e como se determina no apartado 3.2.ll) das presentes bases.

f) Declaración responsable que inclúa detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada coa indicación do importe e a súa procedencia.

g) Relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento realizado e que se correspondan o orzamento e contratos presentados, na que cumpran as obrigas de comunicación citadas no apartado e) conforme ao artigo 9 da Orde HFP/1030/2021.

h) Certificados de estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Comunidade Autónoma de Galicia e fronte á Seguridade Social no momento en que se aboen as subvencións.

A documentación presentarase na mesma forma que a da solicitude e a da documentación complementaria.

Posteriormente, EVISLUSA deberá verificar, antes de proceder ao pagamento da axuda, ademais dos requisitos previstos na normativa reguladora das subvencións para a xustificación e pagamento das axudas, o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de concesión, no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e na R.08.07.22.

b) Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.

c) Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das devanditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de concesión.

d) Que consta, de ser o caso, a documentación acreditativa da retirada do edificio obxecto de actuación, daqueles produtos de construción que conteñan amianto conforme co previsto no artigo 11.1.c) do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro.

EVISLUSA procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha menor contía que o orzamento que serviu de base para a resolución da concesión e a condición de que se acredite que a actuación concreta atópase totalmente executada.

O Concello de Lugo procederá ao pagamento das subvencións tras as oportunas dilixencias de fiscalización.

A subvención aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos na solicitude oficial.

**3.2 Obrigas das persoas beneficiarias.**

Ademais das recollidas nos artigos 14 da lei 38/2003, do 17 de novembro, e 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Realizar a totalidade das actuacións para as que se concedeu a axuda, dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, cumprindo as condicións e prescricións que nela se

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

establezan, xustificando a execución da actuación presentando os documentos sinalados nestas bases reguladoras.

b) Comunicar de inmediato, mesmo durante a tramitación da solicitude, a EVISLUSA, calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda.

c) Permitirlle a EVISLUSA, ao Concello de Lugo, ao IGVS e ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a realización das inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida.

d) Cumprir os principios ou criterios específicos, de obrigatoria consideración na planificación e execución dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e, polo tanto transversais no seu conxunto, e atendendo ás definicións establecidas nos artigos 3 e seguintes da Orde 1030/2021 de 29 de setembro, aparte dos mencionados, os relativos ao concepto de fito e obxectivo, así como os criterios para o seu seguimento e acreditación do resultado; etiquetado verde e etiquetado dixital; reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de interese; compatibilidade do réxime de axudas de Estado e prevención da dobre financiación; estando sometidos en todo momento ao Plan antifraude del Concello de Lugo e as súas posteriores modificacións, tanto no referente á denuncia de posibles feitos constitutivos de fraude, corrupción e conflito de interese como no relativo á dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de interese.

e) Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Lugo, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Administración do Estado, ademais fronte á Seguridade Social no momento en que se aboen as subvencións.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta deste pagamento, da operación, incluídos os documentos electrónicos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O citado período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

g) Fornecer ao Concello de Lugo, previo requirimento, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, toda a información necesaria para o cumprimento dos deberes previstos no título I da citada lei.

h) Cumprir cos requisitos que figuran no Manual de imaxe do programa que estará dispoñible na web do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (http://www.mitma.es), así como o establecido en medidas de publicidade no Regulamento (UE) nº 2021/241 polo que se establece o MRR, en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas, en relación ao apartado e) do artigo anterior e ó apartado ll) do presente artigo.

i) Cumprir na execución das actuacións subvencionables coa normativa ambiental comunitaria, nacional e autonómica e, en particular, co principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH polas súas siglas en inglés), respecto aos seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento (UE) nº 2020/852, tal e como se establece no artigo 3.1.4.c).

j) Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, así como ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) nº 2021/241 do MRR e o Regulamento (UE, Euratrom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar á Comisión Europea, á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), ao Tribunal de Contas Europeo, e cando cumpra, á Fiscalía Europea a exercitar os dereitos que recoñece o artigo 129, punto 1, do referido regulamento financeiro.

k) Cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Interese (DACI) no mesmo momento de concesión da subvención ou inmediatamente despois (Anexo VI).

l) Aportar ao órgano de concesión de subvencións, a información de titularidade real no prazo de cinco días hábiles dende que se formule a solicitude de información, de forma que de non ser achegada en prazo, se poderá excluír á entidade, do procedemento en curso, de conformidade coa Orde 55/2023 de 24 de xaneiro.

ll) Instalar un cartel publicitario de carácter permanente de tamaño suficiente para que sexa perfectamente visible e lexible, no que conste claramente o título do proxecto, a denominación e a imaxe do Programa, e que mencione a axuda económica outorgada pola Unión Europea incluíndo o logo da UE e o lema *«Unha maneira de facer Europa»,* e de acordo co especificado a continuación:

Toda referencia en calquera medio de difusión ás axudas reguladas convocadas nas presentes bases, cumpriran coas obrigas de publicidade e difusión establecidas no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021.

Os beneficiarios deberán adoptar medidas de información, comunicación e visibilidade das actuacións financiadas (banners ou links en webs, aplicacións informáticas, carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), incluíndo os seguintes logos: a) Emblema da Unión Europea que incluirá o texto: **“Financiado pola Unión Europea –**

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

**NextGenerationUE”**. Teránse en conta as normas gráficas e as cores normalizados que poderán consultarse na web: *http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm* b) Logo oficial do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Reino de España, e unha referencia á xestión do “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana”, seguindo as indicacións de comunicación dixital do PRTR que poderán consultarse na web: *https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual.* Os beneficiarios deberán incluír en todo contrato ou encargo relacionado coa execución da actuación, incluída na subcontratación, a seguinte mención: **“Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - NextGenerationUE”** e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro, así como a referencia ao Compoñente e Inversión correspondentes, e á xestión por parte do “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana”.

m) As demais obrigas que derivan desta resolución, do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro; da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, así como a normativa da Unión Europea aplicable para a certificación dos fondos europeos e destas bases e convocatoria.

**3.3 Modificación da resolución.**

3.3.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, no seu caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, fóra dos casos permitidos por estas bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación.

3.3.2. En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

**3.4 Reaxuste de anualidades de execución.**

No caso de que o ritmo de execución fose diferente ao establecido na resolución de concesión, poderán reaxustarse as anualidades, despois da solicitude da persoa ou da entidade beneficiaria dirixida a EVISLUSA, mediante resolución da persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Lugo sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para a súa realización e que en ningún caso o prazo de execución exceda do prazo que corresponda, contado dende a data da notificación da resolución ou da modificación da resolución de ser o caso.

**3.5 Compatibilidade das axudas.**

3.5.1. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro e do ordinal trixésimo da R.08.07.22, as subvencións deste programa serán compatibles con calquera outra axuda pública para o mesmo obxecto, sempre que non se supere o custo total das actuacións e sempre que a regulación das outras axudas xa sexan de ámbito nacional ou europeo o admita, sendo de aplicación o disposto no artigo 9 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, que establece que a axuda concedida no marco do Mecanismo sumarase á proporcionada conforme os outros programas e instrumentos da Unión, precisando que as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que esta axuda non cubra o mesmo custo, evitando o dobre financiamento entre programas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, así como con outros instrumentos da Unión. En todo caso, na consecución dos fitos e obxectivos establecidos na Decisión de Execución do Consello, do 16 de xuño de 2021, relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, vinculados co desenvolvemento deste programa consideraranse exclusivamente as actuacións financiadas a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España.

3.5.2. Non poderán obter o financiamento correspondente a este programa os destinatarios últimos de axudas do programa de actuacións de rehabilitación a nivel de edificios do PRTR.

3.5.3. As subvencións deste programa son compatibles coas axudas do Programa 4 de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas e do Programa 5 de axuda á elaboración do Libro do Edificio Existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación, a condición de que non se subvencione o mesmo custo ou actuación, evitándose o dobre financiamento ou subvención entre Programas do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, xa sexa do Programa de Rehabilitación Residencial ou outros programas financiados polo mesmo mecanismo.

3.5.4. Cando o proxecto recibise unha subvención con cargo ao Programa 5, de axuda á elaboración do Libro do Edificio Existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación, descontarase da cantidade recibida ao determinar a contía da subvención con cargo a este programa na forma indicada.

**Cuarta. Incumprimentos, exclusións e incompatibilidades.**

**4.1 Perda e reintegro da subvención. Criterios de gradación de posibles incumprimentos.**

4.1.1. Serán causa de perda e reintegro da subvención, ademais das previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o incumprimento das obrigas recollidas na Base 3.2 e 3.5. Alén disto, poderá ser causa de perda da subvención a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

4.1.2. A perda do dereito á percepción da axuda outorgada levará consigo, no seu caso, o reintegro das cantidades aboadas ata ese momento, incrementadas cos intereses de demora desde a data do seu pagamento.

4.1.3. Conforme ao artigo 36.2 da Lei 9/2007, de 13 xuño, os membros da comunidade de persoas propietarias e as persoas propietarias de edificios formalmente agrupadas que non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal responderán solidariamente sobre o deber de reintegro, en proporción á súa respectiva participación na actuación.

4.1.4. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobranza da subvención e, no seu caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4.1.5. Se o aforro do consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido por comparación entre os certificados de eficiencia enerxética do edificio antes e despois da actuación, realizados ambos co mesmo programa recoñecido de certificación, resultase inferior ao estimado inicialmente no proxecto, a contía da subvención axustarase ao nivel de aforro realmente obtido segundo o disposto na Táboa 1.3 ou 1.3.1 destas Bases segundo correspóndalle. Se o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido fose inferior ao 30%, ou non se cumpriron as esixencias relativas á redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración mínima establecida en Lugo no 35%, debido a súa zona climática, determinadas no citado Real Decreto, na R.08.07.22 ou nestas bases, a axuda sería revogada.

4.1.6. O cumprimento parcial das condicións establecidas ou a realización en prazo de só unha parte da actuación comprometida dará lugar ao axuste e pagamento parcial da axuda outorgada, sempre que non procedese a revogación da axuda por incumprimento doutras obrigas esenciais ou requisitos establecidos no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, da R.08.07.22 ou destas bases e sen prexuízo da obriga de reintegro proporcional que correspondese, no seu caso.

4.1.7. O cumprimento parcial das condicións establecidas no Regulamento 2021/241 que define o principio de DNHS ou do Regulamento (UE) 2020/852 de Taxonomía, provocará a obriga do reintegro total que se lle asignou.

4.1.8 Calquera outro incumprimento das obrigas establecidas nestas bases, as derivadas do Compoñente 2, Inversión 1 na que se encadran estas axudas e na normativa aplicable, conforme se establece na mesma.

**4.2 Notificacións.**

4.2.1.As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse prioritariamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora, recollida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cuxo artigo 14 inclúe os colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Estes colectivos, estarán integrados no sistema de notificacións electrónicas ,de forma que a xeneralidade das notificacións do Concello de Lugo realizarase por medios electrónicos. O acceso ás notificacións electrónicas pode realizarse dende a sede electrónica do Concello de Lugo (https://www.lugo.gal/portal/). Para poder acceder ás notificacións electrónicas, é necesario utilizar un certificado electrónico (ou DNI-e) ou clave concertada.

4.2.2.Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**4.3 Control e loita contra a fraude.**

4.3.1. Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Concello de Lugo, o IGVS e o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, no seu caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e as verificacións do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 241/2021.

4.3.2. Calquera persoa que teña coñecementos de feitos que poidan ser constitutivos de fraude o irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer estes feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Anti fraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf

Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI):

https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langid=gl_es

4.3.3. No control e loita contra a fraude o Concello de Lugo actuará de conformidade co establecido no seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas anti-fraude.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

**4.4 Transparencia e bo goberno.**

4.4.1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

4.4.2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

**4.5 Habilitación para o desenvolvemento.**

Habilítase a persoa titular da Alcaldía para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación destas bases así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisas para a xestión deste programa de axudas segundo as presentes bases de acordo ao RD 853/2021 e á R.08.07.22.

**Quinta. Publicidade**

**5.1 Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.**

As bases reguladoras da concesión das axudas, segundo o acordo nº 34 asinado entre o Excmo. Concello de Lugo, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana do programa de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como o extracto da convocatoria previo envío á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal).

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse en EVISLUSA (Quiroga Ballesteros s/n Edificio Municipal Uxío Novoneyra, 3º andar, dereita, ou, no seu caso, na nova sede a ser instalada no Edificio Impulso Verde, situado fronte ao Lidl, na Avenida Infanta Elena Duquesa de Lugo s/n desta cidade) e na páxina web www.concellodelugo.gal.

**5.2 Consentimento e autorizacións.**

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras, o consentimento e autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que pode emitir o Concello de Lugo, así como as autorizacións para que o IGVS ou o Ministerio poidan solicitar as certificacións que deban emitir os organismos competentes da Xunta de Galicia ou do Ministerio correspondente.

**5.3 Publicidade das subvencións concedidas.**

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de Boas Prácticas na Administración Pública Galega, o Concello de Lugo publicará na súa páxina web oficial (www.concellodelugo.gal) a relación de beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude de axudas leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis. Por razón da súa contía, os mesmos datos serán publicados no BOP segundo correspondan. Doutra banda, notificaranse de xeito individual os principais trámites de aprobacións.

Estarase, en todo o relacionado con esta cláusula, ao establecido no apartados 3.1.4.e) e 3.2.ll) das presentes bases.

**Sexta. Tratamento de datos de carácter persoal.**

Os datos dos solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras. A práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde á conclusión do proceso de subvención, converte a súa presentación en obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais e o Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos 2016/679, do 27 de abril, sendo responsable do seu tratamento a Área da Alcaldía e Planificación de Cidade do Concello de Lugo, así como os departamentos do IGVS e do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana que traten estes expedientes a nivel autonómico ou estatal, de ser o caso.

O/A beneficiario/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, portabilidade, limitación do tratamento de información e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas ante o Excmo. Concello de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

**Sétima. Disposición final**

Estas Bases entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

**ANEXOS. MODELOS RELATIVOS Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA ERRP CASCO HISTÓRICO DE LUGO**

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

CÓDIGO DE PROXECTO:
**23MRRXX15301**

**PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA**

**NextGenerationEU**

Concello de Lugo

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA**
**ERRP CASCO HISTÓRICO DE LUGO**

**DATOS DO SOLICITANTE**

| NOME/RAZÓN SOCIAL | | | | | NIF/CIF |
|---|---|---|---|---|---|
| NOME DA VÍA | NÚM. | ANDAR | PORTA | CONCELLO | |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: | | |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | APELIDOS | NIF/CIF |
|---|---|---|
| | | |

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

As notificacións realizaranse priotariamente por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Lugo https://www.lugo.gal/portal/ Só se poderá acceder á notificación electrónica co certificado electrónico, DNIe, cl@ve móvil, cl@ve PIN ou cl@ve permanente.
No caso das persoas físicas, e sempre e cando o solicitasen previamente, recibirán notificacións postais e, poderán presentar a documentación fisicamente no rexistro do Concello de Lugo.

| TELÉFONO MÓVIL | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

**DATOS BANCARIOS**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |
|---|---|
| | IBAN |

**TIPO DA ENTIDADE SOLICITANTE**

- ☐ Persoa física
- ☐ Persoa xurídica de natureza privada
- ☐ Comunidade de persoas propietarias ou agrupación de comunidade de persoas propietarias conforme o artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal
- ☐ Persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código Civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal; comunidade de bens
- ☐ Sociedade cooperativa
- ☐ Empresa arrendataria ou concesionaria de edificios

Instituto Galego da Vivenda e Solo · Gobierno de España · Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU · Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia · Concello de Lugo · EVISLUSA
| Compoñente do PRTR a que pertence a actividade | Compoñente 2<br>C02. Implementación da axenda urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana. |
| Medida (reforma ou investimento) da compoñente PRTR á que pertence a actividade, indicando, se é o caso, a submedida | C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» |
| Etiquetaxe climática e ambiental asignada á medida (reforma ou investimento) ou, se é o caso, á submedida | 025 bis Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxecto de demostración e medidas de apoio conforme aos criterios de eficiencia enerxética. |

No desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na compoñente C02. Implementación da axenda urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana,

**DECLARA:**

Coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes puntos do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do punto 2: «solicitar, para os efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de Recuperación e Resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar buscas e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas dos datos seguintes:
   i. o nome da persoa perceptora final dos fondos;
   ii. o nome da persoa contratista e da subcontratista, cando a persoa perceptora final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
   iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento das persoas titulares reais da perceptora dos fondos ou da contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) nº 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
   iv. unha listaxe de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de Recuperación e Resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».
2. Punto 3: «Os datos persoais mencionados no punto 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, punto 2, e 23, punto 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Consonte co marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos citados artigos.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data ____________ ______ de ____________ de ______

ILMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO – EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA · Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU · Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia · Concello de Lugo · EVISLUSA

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

Concello de Lugo

CÓDIGO DE PROXECTO:
**23MRRXX15301**

ANEXO VIII

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPOSICIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA E COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS FÍSICAS INTERESADAS NA AXUDA ADICIONAL POR SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA**

PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - **NextGenerationEU**

**DATOS DO SOLICITANTE**

| NOME | APELIDOS | NIF | DATA NACEMENTO |
|---|---|---|---|
| | | | |

| REFERENCIA CATASTRAL | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO |
|---|---|---|
| | | |

| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | APELIDOS | NIF/CIF |
|---|---|---|
| | | |

| CORREO ELECTRÓNICO |
|---|
| |

**DATOS DO EDIFICIO OU VIVENDA A REHABILITAR**

○ Edificio de tipoloxía residencial colectiva (deberá presentarse este anexo por cada vivenda partícipe nas obras e interesada na subvención que comprenda a todas as persoas membros da unidade de convivencia)

○ Vivenda unifamiliar (este anexo deberá complementarse por todas as persoas membros da unidade de convivencia distintas da persoa solicitante)

| REFERENCIA CATASTRAL | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | CÓDIGO POSTAL |
|---|---|
| | |

| PROVINCIA | CONCELLO |
|---|---|
| | |

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

Concello de Lugo

ANEXO VIII
(Continuación 1)

**O SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que a súa unidade de convivencia está integrada polas persoas abaixo relacionadas neste anexo (incluíndo o solicitante).
2. No Anexo I achéganse os DNI e declaración do imposto da renda, e ou certificados requiridos, de todos os integrantes de esta unidade familiar.
3. Que os ingresos da unidade de convivencia durante o ano 20____ foron os seguintes:

| NOME E APELIDOS | NIF | DATA NACEMENTO | TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL NO CASO DE MENORES DE IDADE | | AUTORIZACIÓN CONSULTA NO PADRÓN MUNICIPAL | SOLICITANTE OU PARENTESCO | IMPORTE ÍNTEGRO INGRESOS ANUAIS (€) | REALICEI DECLARACIÓN DO IMPOSTO DA RENDA (1) | PROCEDENCIA DOS INGRESOS. - Rendas do traballo. - Prestacións subsidio ou pensións - Rendas do capital e alugueiro. | SINATURA DO/A QUE AUTORIZA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | NOME E APELIDOS | NIF | | | | | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |
| | | | | | ○ SÍ ○ NON | | | ○ SÍ ○ NON | | |

(1) Os integrantes da unidade de convivencia que realizaron a declaración do imposto da renda terán que achegar copia de declaración do imposto. Os integrantes da unidade de convivencia que non realizaron a declaración do imposto da renda terán que achegar os certificados requiridos no Anexo I.

4. As persoas que figuran nesta relación autorizan a presentación da solicitude por medio da persoa solicitante indicada. Así mesmo, as devanditas persoas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.

5. No caso de que unha unidade de convivencia estea formada por máis dunha unidade familiar haberá que cubrir o número correspondente de follas.

* A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por:

a) cónxuxes non separados legalmente e fillos/as menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada.

b) pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os/as fillos/as menores que con el ou ela conviven, así como os/as fillos/as maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada.

As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

Concello de Lugo

ANEXO VIII
(Continuación 2)

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa ou entidade interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse nos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas ou entidades interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas ou entidades interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica do Concello de Lugo ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. |
| | |

Lugar e data

__________ , ____ de __________ de ______

ILMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO – EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA · Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU · Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia · Concello de Lugo · EVISLUSA

Concello de Lugo

ANEXO IX

CÓDIGO DE PROXECTO:
**23MRRXX15301**

## COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS

PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO.

PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - **NextGenerationEU**

| EDIFICIO/VIVENDA UNIFAMILIAR | EXPEDIENTE |
|---|---|
| | |

De acordo co establecido na convocatoria do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, **COMUNICA** o remate das obras previstas na resolución de concesión:

| COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS | ANUALIDADE | | | |
|---|---|---|---|---|
| ☐ FINAL | ☐ 2022 | ☐ 2023 | ☐ 2024 | ☐ 2025 |

| NOME DA EMPRESA QUE EXECUTOU AS OBRAS | NIF/CIF |
|---|---|
| | |

| DOMICILIO |
|---|
| |

**O SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

2. Que, en relación coas axudas de *minimis*:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de *minimis*.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas de *minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de *minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

3. Que, en relación co IVE do investimento total (custo da actuación):

☐ O solicitante é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE.

☐ O solicitante non é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE.

4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás a da letra e) dos ditos artigos relativa á obriga de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

5. Estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Que a empresa non está en crise, de acordo coa definición de "empresa en crise" que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño de 2014, se é o caso.

7. No caso de persoas xurídicas de natureza privada, que se encontran debidamente constituídas, conforme coa normativa que lles resulte de aplicación.

8. Que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e do Concello de Lugo.

9. Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.

10. Que todos os datos contidos nesta comunicación son certos.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

Concello de Lugo

ANEXO IX

(continuación 1)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

| **Para a comunicación de execución final das actuacións, deberá presentarse (se non presentou con anterioridade):** |
|---|
| ☐ a) Proxecto da obra realmente executada, no caso de que as actuacións requiran proxecto. |
| ☐ b) Licenza urbanística, comunicación previa con unha declaración responsable que non foi requirida polo Concello para a súa emenda ou nº de expediente de licenza municipal |
| ☐ c) Certificado final da obra subscrito pola Dirección Facultativa e da Dirección da Execución da obra, se é o caso. |
| ☐ d) Certificado da instalación térmica, se é o caso, subscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na consellería competente en materia de industria. |
| ☐ e) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, conforme co esixido polas bases reguladoras e pola resolución de concesión da axuda, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e a data de conclusión das actuacións. Esta memoria será realizada e subscrita por persoa técnica titulada competente autora do proxecto ou da dirección facultativa da execución da actuación. Nela farase constar o cumprimento da normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación. |
| ☐ f) Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez realizadas as actuacións realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subscrito por persoa técnica competente, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE). |
| ☐ g) Reportaxe fotográfica das obras executadas, preferentemente en cor, e onde se mostre o cartel publicitario de carácter permanente, de tamaño suficiente para que sexa perfectamente visible e lexible, en que conste claramente o título do proxecto e a denominación e a imaxe do Programa e que mencione a axuda económica outorgada pola Unión Europea incluíndo o logo da UE e o lema «Unha maneira de facer Europa». |
| ☐ h) Declaración responsable que inclúa detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada coa indicación do importe e a súa procedencia. |
| ☐ i) Relación certificada e copia dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas. |
| ☐ ☐☐j) Relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento realizado e que respondan ao orzamento e contratos presentados. |
| ☐ k) Cando a axuda concedida fose inferior a 100.000 euros e de maneira opcional, poderá entregarse unha conta xustificativa coa achega de xustificantes de gasto, segundo o previsto nos números 1 e 2. a), b), e), e f) do artigo 72 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Neste suposto non será obrigatorio xuntar a documentación que se indica nas letras e) e i) anteriores. |
| ☐ **Opcionalmente**, poderá entregarse a conta xustificativa coa achega dun informe de auditor, segundo o previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 50 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. |

| **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.** | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|
| Certificado de estar ao día do pagamento co Concello de Lugo | ○ |
| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | AUTORIZO A CONSULTA |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT | ○ Si ○ Non |
| | |

**SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

__________ , ____ de __________ de ______

ILMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO – EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A

Instituto Galego da Vivenda e Solo · Gobierno de España, Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana · Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU · Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia · Concello de Lugo · EVISLUSA

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

O que se publica para xeral coñecemento, para os efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 4 de xullo de 2024.- A alcaldesa, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2040

## A PASTORIZA

*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 11 de abril aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 4º trimestre do exercicio 2023.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 22/04/2024 e o 22/06/2024 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 22/04/2024. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 5 de xullo de 2024.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2041

## O VICEDO

*Anuncio*

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto punto 6 das "Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre," publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos,

**RESOLVO**

**Primeiro**.- Prestar aprobación á lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS SOCIAIS (XORNADA 75%), con indicación das causas de exclusión.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

| ADMITIDOS | | |
|---|---|---|
| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **ACREDITACIÓN GALEGO** |
| ALONSO RODRÍGUEZ, MÓNICA DE JESÚS | ***0814** | SI |
| BARCÓN BEN, VERÓNICA | ***8693** | SI |
| FERRO RIVERA, FÁTIMA | ***3833** | SI |
| PÉREZ MARTÍNEZ, MARÍA GUADALUPE | ***1029** | SI |
| PRIETO DOVALE, VERÓNICA | ***8142** | SI |
| QUELLE ARAMBURO, MARÍA PALOMA | ***9418** | SI |
| RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL | ***3652** | SI |
| SÁNCHEZ PERNAS, MARÍA BEGOÑA | ***9404** | SI |

| EXCLUIDOS | | |
|---|---|---|
| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **MOTIVO DA EXCLUSIÓN** |
| CALVO TORQUEMADA, EVA MARÍA | ***7808** | (1) |
| FRAGA GONZÁLEZ, MARÍA MILAGROS | ***8284** | (1)(2) |

(1) Anexo I está incompleto ou completo pero non é orixinal ou copia auténtica.

(2) DNI non está en orixinal ou copia auténtica.

**Segundo.**- Designar aos membros do Tribunal Cualificador:

PRESIDENTE

Titular: Dona María Valiña Garrido, secretaria- interventora do Concello de Mañón

Suplente: Dona Mª Natividad Rubido Martínez, traballadora social do Concello de Mañón.

VOGAL 1

Titular: Don Francisco Manuel Moreda Gil, arquitecto municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: Don Luis Menéndez Arbesú, aparellador do Concello de Ribadeo.

VOGAL 2

Titular: Don Pablo Dorado Lanza, arquitecto técnico municipal do Concello do Valadouro.

Suplente: Dona María América Uceira Criado, traballadora social da Oficina Integrada de Dependencia e Discapacidade (EVO Ferrol).

VOGAL 3

Titular: Don José García Insua, técnico medio recadador do Concello de Cervo.

Suplente: Dona María Isabel Seijo Rolán, técnico medio tesoureira, do Concello de Cervo.

SECRETARIO

Titular: Don Alfredo Sesar Peón, secretario-interventor do Concello do Vicedo.

Suplente: Don Fernando Aguirre Vigo, secretario-interventor do Concello de Parada do Sil.

Segundo o previsto nas bases xerais, o Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación, no caso de ser necesario, de persoal técnico especialista para a valoración da proba de galego, que terá voz pero non voto.

**Terceiro.**- Citar ás persoas que forman parte do tribunal, para que comparezan o día 29 de xullo de 2024, ás 13:00 horas, no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira idade do Concello do Vicedo, para a súa constitución e posterior valoración dos méritos.

**Cuarto.**- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: https://concellodovicedo.sedelectronica.es e no taboleiro de anuncios da Corporación.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

O Vicedo, 5 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2042

*Anuncio*

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto no punto 6 das "Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre," publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos,

**RESOLVO**

**Primeiro**.- Prestar aprobación á lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SECRETARIA (XORNADA 100%), como persoal funcionario, con indicación das causas de exclusión.

| **ADMITIDOS** | | |
|---|---|---|
| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **ACREDITACIÓN GALEGO** |
| ALONSO RODRÍGUEZ, MÓNICA DE JESÚS | ***0814** | SI |
| BARCÓN BEN, VERÓNICA | ***8693** | SI |
| FERRO RIVERA, FÁTIMA | ***3833** | SI |
| NOVO LEIRAS, RAQUEL | ***3679** | SI |
| PÉREZ MARTÍNEZ, MARÍA GUADALUPE | ***1029** | SI |
| QUELLE ARAMBURO, MARÍA PALOMA | ***9418** | SI |
| RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL | ***3652** | SI |
| SÁNCHEZ PERNAS, MARÍA BEGOÑA | ***9404** | SI |

| **EXCLUIDOS** | | |
|---|---|---|
| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **MOTIVO DA EXCLUSIÓN** |
| CALVO TORQUEMADA, EVA MARÍA | ***7808** | (1) |
| CARBALLAL SÁNCHEZ, MARÍA | ***3714** | (1)(2) |
| FRAGA GONZÁLEZ, MARÍA MILAGROS | ***8284** | (1)(2) |
| GRELA PENA, MARÍA BELÉN | ***8909** | (1)(2) |
| PEÑA VARGAS, ANABEL | ***9125** | (2) |

(1) Anexo I está incompleto ou completo pero non é orixinal ou copia auténtica.

(2) DNI non está en orixinal ou copia auténtica.

**Segundo.**- Designar aos membros do Tribunal Cualificador:

PRESIDENTE

Titular: Dona María Valiña Garrido, secretaria- interventora do Concello de Mañón

Suplente: Dona Mª Natividad Rubido Martínez, traballadora social do Concello de Mañón.

VOGAL 1

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

Titular: Don Francisco Manuel Moreda Gil, arquitecto municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: Don Luis Menéndez Arbesú, aparellador do Concello de Ribadeo.

VOGAL 2

Titular: Don Pablo Dorado Lanza, arquitecto técnico municipal do Concello do Valadouro.

Suplente: Dona María América Uceira Criado, traballadora social da Oficina Integrada de Dependencia e Discapacidade (EVO Ferrol).

VOGAL 3

Titular: Don José García Insua, técnico medio recadador do Concello de Cervo.

Suplente: Dona María Isabel Seijo Rolán, técnico medio tesoureira, do Concello de Cervo.

SECRETARIO

Titular: Don Alfredo Sesar Peón, secretario-interventor do Concello do Vicedo.

Suplente: Don Fernando Aguirre Vigo, secretario-interventor do Concello de Parada do Sil.

Segundo o previsto nas bases xerais, o Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación, no caso de ser necesario, de persoal técnico especialista para a valoración da proba de galego, que terá voz pero non voto.

**Terceiro.**- Citar ás persoas que forman parte do tribunal, para que comparezan o día 29 de xullo de 2024, ás 11:30 horas, no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira idade do Concello do Vicedo, para a súa constitución e posterior valoración dos méritos.

**Cuarto.**- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: https://concellodovicedo.sedelectronica.es e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 5 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2043

*Anuncio*

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto punto 6 das "Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre," publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos,

**RESOLVO**

**Primeiro**.- Prestar aprobación á lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (XORNADA 100%), con indicación das causas de exclusión.

| **ADMITIDOS** | | |
|---|---|---|
| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **ACREDITACIÓN GALEGO** |
| CHAO VIDAL, NURIA | ***9645** | SI |
| DOMÍNGUEZ BERMÚDEZ, MANUELA | ***9517** | SI |
| QUELLE ARAMBURO, MARÍA PALOMA | ***9418** | SI |
| REJES CANOURA, ISABEL | ***9463** | SI |
| SÁNCHEZ PERNAS, MARÍA BEGOÑA | ***9404** | SI |
| **EXCLUIDOS** | | |
| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **MOTIVO DA EXCLUSIÓN** |

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| CALVO TORQUEMADA, EVA MARÍA | ***7808** | (1) |
| RODRÍGUEZ SÁNCHEZ SORAYA | ***0667** | (2)(3) |

(1) Anexo I incompleto ou completo pero non orixinal ou copia electrónica auténtica.

(2) DNI non está en orixinal ou copia electrónica auténtica.

(3) Anexo II e III non son orixinal ou copia electrónica auténtica.

**Segundo.**- Designar aos membros do Tribunal Cualificador:

PRESIDENTE

Titular: Dona María Valiña Garrido, secretaria- interventora do Concello de Mañón

Suplente: Dona Mª Natividad Rubido Martínez, traballadora social do Concello de Mañón.

VOGAL 1

Titular: Don Francisco Manuel Moreda Gil, arquitecto municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: Don Luis Menéndez Arbesú, aparellador do Concello de Ribadeo.

VOGAL 2

Titular: Don Pablo Dorado Lanza, arquitecto técnico municipal do Concello do Valadouro.

Suplente: Dona María América Uceira Criado, traballadora social da Oficina Integrada de Dependencia e Discapacidade (EVO Ferrol).

VOGAL 3

Titular: Don José García Insua, técnico medio recadador do Concello de Cervo.

Suplente: Dona María Isabel Seijo Rolán, técnico medio tesoureira, do Concello de Cervo.

SECRETARIO

Titular: Don Alfredo Sesar Peón, secretario-interventor do Concello do Vicedo.

Suplente: Don Fernando Aguirre Vigo, secretario-interventor do Concello de Parada do Sil.

Segundo o previsto nas bases xerais, o Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación, no caso de ser necesario, de persoal técnico especialista para a valoración da proba de galego, que terá voz pero non voto.

**Terceiro.**- Citar ás persoas que forman parte do tribunal, para que comparezan o día 29 de xullo de 2024, ás 9:30 horas, no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira idade do Concello do Vicedo, para a súa constitución e posterior valoración dos méritos.

**Cuarto.**- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: https://concellodovicedo.sedelectronica.es e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 5 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2044

---

## XERMADE

*Anuncio*

**PADRÓN SAF MES MAIO DE 2024.**

Por Resolución da Alcaldía de data 05/07/2024 aprobouse o padrón correspondente o mes de MAIO de 2024, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 10/07/2024.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

Xermade, 5 de xullo de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2045

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – LUGO

*Anuncio*

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A 17ª FASE DO PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL OU ÁMBITO RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA ARI- ERRP DO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO**

BDNS (Identif.): 772942

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/772942)

Primeira. Obxecto e finalidade das axudas. Actuacións subvencionables

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para participar no programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 239, do 6 de outubro (en diante, RD 853/2021) e a Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do PRTR, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, e ábrese o prazo para a anualidade 2022 en aplicación do RD 853/2021 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente convocatoria, enmarcada no Compoñente 2 do PRTR, proxectos denominados C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornas residenciais» liña 1 "Rehabilitación a nivel barrio", ten a finalidade de financiar obras ou actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas, e nas vivendas unifamiliares dentro dos Eontornos Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) do Concello de Lugo para a anualidade 2022, con carácter plurianual.

Para ser beneficiario da subvención, o inmoble para o cal se solicita axuda estará dentro dalgún dos ámbitos ERRP's declarados no Concello de Lugo e deberá cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria. Neste caso a delimitación de "ERRP do Centro histórico de Lugo. Fase XVII" é coincidente no seu contorno co ámbito do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado da cidade de Lugo e a súa zona de influencia.

Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil. Igualmente, unha vez acadados os obxectivos enerxéticos, serán subvencionables outras obras de accesibilidade.

Segunda. Persoas e entidades beneficiarias. Destinatarios últimos

Poderán ser persoas beneficiarias e destinatarias últimas das axudas:

a) As persoas propietarias ou usufructuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou persoas xurídicas de natureza privada. Estas últimas deberán declarar expresamente na solicitude que se atopan debidamente constituídas, conforme á normativa que lles resulte de aplicación.

b) As comunidades de persoas propietarias, conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.

c) As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias dun edificio que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou de patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motivan a concesión da subvención, cumprindo os requisitos establecidos nas bases.

d) As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificio que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou constituídas conforme ao disposto no artigo 5 da Lei

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, excepto a letra e) dos citados preceptos, relativa á obrigación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e á responsabilidade asumida por cada unha delas.

No caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais, aplicarase o disposto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, o disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, pola que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior.

Terceira. Bases reguladoras

As Bases reguladoras desta convocatoria aprobáronse con data 26.06.2024 pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo (Acordo 1/294). O seu texto íntegro pode consultarse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na web da BDNS e na web do Concello de Lugo.

Cuarta. Crédito orzamentario

Existe consignación orzamentaria para a realización desta actuación, mediante documento RC núm. 202400017425, con cargo á aplicación orzamentaria 150.22078900, código proxecto 23MRRXX15301, por importe de 850.986,25 euros, correspondentes á achega do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, destinada a financiar o ERRP do “Centro histórico de Lugo. Fase XVII.”

Quinta. Criterios de valoración e contía das axudas

O outorgamento ou denegación das axudas efectuarase tendo en conta os criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria. A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total das actuacións para realizar, segundo os criterios de fixación de contías establecidos nas bases reguladoras e sen que se poidan superar os límites máximos fixados nelas.

Cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgunha das persoas físicas propietarias ou usufructuarias das vivendas, poderase conceder unha axuda adicional que poderá alcanzar o 100% do custo da actuación imputable ás devanditas persoas, de acordo cos criterios establecidos nas bases. Esta axuda adicional estará condicionada, en todo caso, ao cumprimento dos requisitos en materia de eficiencia enerxética esixidos neste programa de subvencións.

Sexta. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes das persoas interesadas, xunto coa documentación requirida nas bases reguladoras, presentaranse a través do formulario normalizado dispoñible na páxina web do Concello de Lugo, https://concellodelugo.gal, debidamente cuberto e asinado, que se incorpora ás bases. As solicitudes presentaranse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As comunidades de persoas propietarias e os seus representantes deberán presentar a súa solicitude electronicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentar as súas solicitudes presencialmente,brequiriráselles para que as emenden mediante a súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Cando a documentación presentada sexa incompleta ou defectuosa, requirirase á persoa solicitante para que, nun prazo improrrogable de dez días hábiles, emende o erro ou presente a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistida da súa solicitude.

O PRAZO de presentación de solicitudes será de DOUS MESES contados desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e termos previstos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (artigos 17.3.b, 18 e 20.8). De existir dispoñibilidade orzamentaria, poderanse abrir novas convocatorias.

Sétima. Prazo de execución das actuacións. Inicio. Execución. Xustificación

As actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade a catro anos contados desde a data de aprobación da presente convocatoria, e poderán estar finalizadas no momento de presentación da solicitude. A empresa municipal EVISLUSA, SA, deberá recibir toda a documentación que permita a identificación da situación orixinal antes da realización das obras no caso de que xa estean iniciadas.

O prazo para executar as obras non poderá exceder do 30 de marzo de 2026.

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)

En todo caso, a execución das actuacións obxecto de financiamento a través deste programa, de non existir norma de superior xerarquía, deberán estar finalizadas e xustificadas antes do 30 de xuño de 2026.

LUGO, 26 de xuño de 2024.- Alcaldesa Concello de Lugo, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, concelleiro secretario da xunta de goberno local, Miguel Fernández Méndez e vicesecretario, Justo Díaz Rodríguez.

R. 2046

Anuncio publicado en: Num BOP 159 año 2024 (10/07/2024 08:00:00)